

Programa de dinamización do Mercado Quiroga Ballesteros

1- O Mercado da Terra:

O “Mercado da Terra” (Mercado de produtos ecolóxicos, naturais, locais e de temporada), leva xa 5 anos celebrándose tódolos martes, dende as 17:00 horas ata as 20:00 horas, no Mercado de Quiroga Ballesteros, sendo un referente da alimentación ecolóxica na nosa cidade, e polo tanto de modos de vida máis sostibles.

Ademáis da función de compra-venda que cumpre calqueira mercado, o Mercado da Terra tamén é unha ferramenta para a divulgación dos valores da ecoloxía e o comercio xusto, onde cidadáns e produtores poden atoparse, ademáis de dinamizar o comercio local, e aportar alegría e colorido ó entorno da praza.

O Mercado da Terra funciona como un punto de encontro entre produtoras e consumidoras. Organízase de forma asamblearia, a través de xuntanzas e grupos de traballo nos que participan tanto consumidoras como produtoras.

2- Obxectivos deste programa de dinamización:

Os obxectivos deste programa de dinamización serán:

- Dar a coñecer o Mercado de Quiroga Ballesteros á poboación e fomentar a súa utilización, tanto para a realización de actividades, como para a compra de produtos.
- Contribuir á formación no eido da agroecoloxía e da alimentación sana.
- Capacitar para a adquisición de novas habilidades nas consumidoras, no relativo ós hábitos de consumo e elaboración de alimentos.
- Dar a coñecer os proxectos individuais ou colectivos das produtoras que acoden ó Mercado.

3- Duración e desenvolvemento:

O programa de actividades, será desenvolvido no propio Mercado Quiroga Ballesteros ou no seu entorno, tódolos últimos martes de cada mes, de 17:00 a 20:00 da tarde dende abril ata decembro do presente ano.

4- Difusión e financiamento

A través dos medios de comunicación e redes sociais, a cargo do Mercado da Terra. Todas as actividades serán gratuítas e dirixidas a toda a poboación.

5- Actividades:

A continuación describimos as dúas primeiras actividades previstas para os meses de Abril e Maio. O resto das actividades serán anunciadas e difundidas ó longo dos vindeiros meses. Entre as que se están a concretar para a súa realización, destacamos as seguintes:

- Obradoiro de elaboración de queixo
- Obradoiro de elaboración de esencias
- Exhibición de cestería
- Exhibición de cociña con produtos ecolóxicos
- Charla sobre moedas sociais e troco
- Obradoiro de elaboración de mermeladas
- Obradoiro de elaboración de pan de landra
- Obradoiro de elaboración de cociñas solares
- Proxección de vídeo e exhibición de novos aperos para o traballo na horta

26 de abril: Presentación da rehabilitación da escola de Vilar, de Negueira de Muñiz

A cargo de: Ribeiregas, cooperativa Ribeira do Navia, de Negueira de Muñiz

A intención é poder contar cun espazo para fins educativos e sociocomunitarios que preste servizo a estas aldeas. As promotoras pretenden levar a cabo a rehabilitación da antiga escola de Vilar, respectando a súa estrutura orixinal e con materiais tradicionais do lugar.

Neste espazo quérese acoller, por unha parte e respondendo ás necesidades concretas da poboación infantil, un espazo educativo para o desenvolvemento nun entorno natural, fomentando e promovendo a autonomía e a participación crítica, nunha relación directa ca natureza, propia e a do entorno. E por outra banda, un espazo para o encontro e o desenvolvemento comunitario no que promover actividades culturais e formativas para as que xa son adultas pero queren seguir medrando.

Inician este proxecto ante a dificultade que supón acceder desde as súas aldeas a servizos deste tipo, que poderían ser brindados polas institucións: están a unha hora promedio de calquera centro educativo, de saúde, biblioteca, etc. Por iso, e ante as necesidades como veciñas, decidiron dar unha resposta a esta carencia.

Por outra banda, o feito de ser este un proxecto comunitario e autoxestionado motiva a buscar fórmulas de recadación, como a presente (crowdfunding), que non xeneren dependencia. Para sacar adiante este proxecto non basta cas mans e a motivación das que traballan nisto, sendo necesaria a colaboración doutras persoas que queiran axudar.

31 de maio: Obradoiro de cosmética natural: elaboración de crema hidratante

A Cargo de Alteia Apicultura

O obradoiro consistirá en ensinar ás persoas asistentes como elaborar -de forma fácil, económica e saudábel- unha crema básica de uso cosmético á que se lle poderán engadir diferentes ingredientes en función do efecto que desexemos conseguir.

Fabricando os nosos propios cosméticos, axustamos mellor a compra ás nosas necesidades, axúdanos a reflexionar tamén sobre o impacto ambiental que provoca esta industria e, sobre todo, garantimos a calidade do que estamos a fabricar. O consumo responsable é clave para o desenvolvemento dunha economía sustentábel e, nese sentido, a autosuficiencia neste ámbito é unha ferramenta máis de responsabilidade económica.

6- Ubicación do Mercado da Terra

Despois do positivo da experiencia durante o ano pasado, o Mercado da Terra, cando as condicións meteorolóxicas o permitan, celebrárase nos soportais da rúa Quiroga Ballesteros, co obxectivo de darlle unha maior visibilidade e deste xeito promover o seu coñecemento.

7- Organización e apoios

A organización deste programa será realizada polo Mercado da Terra, e conta coa colaboración e apoio das seguintes entidades:

- Asociación de consumidoras “O Bandullo Ecolóxico”, promotora na súa creación do Mercado da Terra.
- Asociación de Comerciantes Mercado Quiroga Ballesteros.
- Asociación Monumental Mercado Municipal.

Agradecendo de antemán a vosa colaboración e interese,

Un cordial saúdo,
Mercado da Terra



En Lugo, a 22 de abril do 2016

Contacto: mercadodaterra@riseup.net